



# O sistema solar



## Planetas próximos ao Sol

Son de pequeno tamaño e están formados principalmente por rochas.




### Mercurio

- É o máis pequeno dos planetas e o máis próximo ao Sol. A súa temperatura, durante o día, é de 350 °C.
- Movemento de rotación: 59 días.
- Movemento de translación: 88 días.
- Número de satélites: ningún.




### Terra

- É o maior dos planetas próximos ao Sol. Está cuberto en gran parte por auga nalgún dos seus estados.
- Movemento de rotación: 24 horas.
- Movemento de translación: 365 días.
- Número de satélites: un, a Lúa.




### Venus

- É moi brillante. Coñécese como o luceiro da mañá, luceiro da alba ou a estrela do Pastor. As súas nubes conteñen ácido sulfúrico.
- Movemento de rotación: 244 días.
- Movemento de translación: 225 días.
- Número de satélites: ningún.




### Marte

- Pénsase que no pasado puido conter auga. Ten un relevo que lembra á Terra.
- Movemento de rotación: algo máis dun día.
- Movemento de translación: 687 días.
- Número de satélites: dous.



### Xúpiter

- É o maior planeta. Na súa superficie obsérvase a gran mancha vermella, unha tormenta xigantesca.
- Movemento de rotación: 10 horas.
- Movemento de translación: 12 anos.
- Número de satélites: máis de sesenta.




### Saturno

- Posúe uns aneis formados por rochas e po que se ven moi brillantes.
- Movemento de rotación: 10 horas.
- Movemento de translación: 29 anos.
- Número de satélites: máis de trinta.



### Urano

- Aínda que non se ve desde a Terra, tamén ten un anel, coma Saturno.
- Movemento de rotación: 18 horas.
- Movemento de translación: 84 anos.
- Número de satélites: máis de vinte e cinco.



### Neptuno

- É o máis afastado dos planetas e o máis frío.
- Movemento de rotación: 16 horas.
- Movemento de translación: 164 anos.
- Número de satélites: trece.